

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE DURANTE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS E PRÁCTICAS FORMATIVAS DO ESTUDANTADO EN ALTA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

### **Introdución**

Neste documento establécese o protocolo de actuación, en caso de incapacidade temporal por Accidente de Traballo (AT), para o estudantado en prácticas académicas externas e prácticas ERASMUS+ saíntes nas que a Uvigo é a entidade que asume as obrigas ante a Seguridade Social, de conformidade coa Disposición Adicional 52ª do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLGSS).

En dita DA 52ª establécese que a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional.

Así mesmo, con relación ás prestacións, establécese na citada dicha disposición, que no caso das prácticas non remuneradas excluírase a protección pola prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns, o que a *sensu contrario* implica que as prestacións por continxencias profesionais (AT) si están incluídas.

### **Inclusión no Sistema da Seguridade Social**

Desde o 01/01/2024, o estudantado en prácticas queda incluído no sistema da Seguridade Social, tanto en prácticas formativas non remuneradas como remuneradas. Garántese así a cobertura en caso de accidente de traballo.

### **Definición de Accidente de Traballo**

Un Accidente de Traballo defínese, segundo o artigo 156 do TRLGSS, como calquera lesión corporal sufrida polo/a estudante con ocasión ou por consecuencia do traballo realizado (neste caso, por consecuencia das tarefas realizadas durante o desenvolvemento das prácticas). Inclúe accidentes ocorridos *in itinere*, é dicir, os producidos ao ir e volver do lugar da práctica.

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABAJO:

### 1. Asistencia Médica:

- O estudiantado afectado debe acudir a un centro de FREMAP.
- Podes consultar o listado de centros dispoñibles neste enlace
- Deberás identificar claramente que estás a buscar centros de carácter asistencial

#### Red de Centros

##### Búsqueda de Centros

Es obligatorio introducir una provincia y una población o un código postal para realizar búsqueda.

Localiza el Centro de FREMAP más cercano a una población seleccionando su provincia y la población que desees. Además puedes buscar por el tipo de centro que desees localizar.

Provincia:  Población:

##### Tipo de Centro

Hospitalario  Administrativo  Asistencial  Hospital de Día

También podrás buscar los Centros de FREMAP que se encuentren en un código postal.

C.P.

- No caso de urgencias ponte en contacto cos seguintes teléfonos 24h.:
  - Urgencias en España: 900 61 00 61
  - Asistencia internacional: +34 91 919 6161
- No caso de necesitar de transporte para ser atendido/a, solicítalo nos teléfonos indicados no punto anterior.
- Debe ir provisto de DNI/NIE/Pasaporte.

### 2. Documentación a cumprir:

#### 2.1. A presentar ante FREMAP:

- Parte de Accidente: segundo Anexo I.
- Este parte debe ir acompañado da seguinte documentación:
  - Fai constar do/a coordinador das prácticas ou do titor/a académico/a, segundo corresponda, indicando que a data do accidente atópase dentro do período de realización das prácticas (Anexo II).
  - Parte de accidente laboral asinado polo responsable do centro/entidade colaboradora onde se realizan as prácticas.
  - No caso de accidente *in itinere*, o/a estudante debe presentar unha declaración xurada (Anexo III).

#### 2.2. A presentar no enderezo electrónico [areaemprego@uvigo.gal](mailto:areaemprego@uvigo.gal), indicando no asunto “Accidente de Trabajo – estudante en prácticas”:

- Certificado de titularidade da conta bancaria, para proceder ao ingreso que corresponda pola situación de IT por accidente de traballo.

## **Exclusións:**

- Non se tramitará ningunha documentación si non se indica no convenio ou acordo que as obrigas ante a Seguridade Social lle corresponden á Uvigo e se as prácticas non están tramitadas segundo o procedemento que lles corresponda.

## **RELACIÓN DE ANEXOS:**

- Anexo I: Parte de Accidente de Trabajo (modelo FREMAP)
- Anexo II: Fai constar do/a coordinador das prácticas ou do titor/a académico/a, segundo corresponda
- Anexo III: Declaración xurada do/a estudante en caso de accidente *in itinere*